



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 21 DE MARZO DE 2014.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. Iván Méndez García.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

Non asisten e se excusan:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 21 de marzo de 2014, sendo as catorce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2014.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión sinalada no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación da mesma, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2013: DECRETO DE APROBACIÓN E INFORME DE ESTABILIDADE.

O Sr. Alcalde da conta do decreto de aprobación da liquidación:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), en virtude das facultades que me confiren os artigos 191 do RD Lexislativo 2/2004, de 5



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 90 do RD 500/1990, de 20 de abril, que desenrola a TRLFL en materia de presupostos.

Sendo requisito imprescindible a aprobación da liquidación, previo informe da Intervención.

Visto o informe da liquidación e o de estabilidade orzamentaria elaborado polos Servizos de Intervención do Concello de data 7 de febreiro de 2014.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación do Orzamento do 2013, no que se puxeron de manifesto as seguintes magnitudes:

Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2013	-27.500,62€
Obrigas pendentes de pago á 31/12/2013	58.828,82€
Resultado presupuestario do exercicio (con axustes)	275.115,94€
Resultado presupuestario do exercicio (sen axustes)	309.297,45€
Remanente de crédito non comprometido	108.492,01€
Remanente de crédito comprometido	0,00€
Remanente de Tesourería	822.017,21€
Para gastos con financiación afectada	72.821,15€
Para gastos xerais	749.196,06€
Estado de Tesourería: Existencias totais a 31/12/2013	908.346,65€

SEGUNDO: Dar conta da aprobación da liquidación ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

TERCEIRO: Remitir a liquidación do Presuposto á Comunidade Autónoma e á Administración Xeral do Estado.

En Mesía, a 7 de febreiro de 2014.”

Dáse conta así mesmo que, segundo resulta do informe de estabilidade de intervención, “A liquidación do orzamento do Concello de Mesía do ano 2013, cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, de acordo co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria”.

Manifesta o Sr. Alcalde que destacaría o estado da tesourería, que ascende a 908.346,65€, e o remanente de tesourería para gastos xerais, que ascende a 749.196,06€, respecto do que se está legislando polo Estado o seu destino, incluída a posibilidade de amortizar débeda, aínda que a nós non nos resultaría rentable porque pagaríamos os mesmos intereses que nos costa amortizar o crédito ata 2024.

Non habendo máis intervencións, os concelleiros quedan enterados.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

3. EXPEDIENTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 1/2014. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito referencia TC 01/2014, para facer fronte a unha inversión consistente en paliar os destrozos que os recentes temporais causaron no campo de fútbol de Visantoña, o seu cerre e o seu entorno, que ascende a 14.376,76€, e para facer fronte á obra consistente en prolongar a cuberta do borde do graderío, obra que ascende a 3.835,25€.

Considerando que no anexo de inversións do orzamento deste concello para 2014 xa está prevista na aplicación orzamentaria 34262203 un crédito de 5.999,92€ para o muro do campo de fútbol, e visto que na aplicación orzamentaria 45361900 hai unha dotación de 100.000,00€, que ten a consideración de dispoñible, para reposicións de infraestrutura viaria, con carácter xenérico, para atender as necesidades que vaian xurdindo ao longo do exercicio orzamentario, considérase reducible a mesma en 12.212,09€ sen perturbación do servizo para facer fronte ao gasto de 8.376,84€, que supón a diferenza entre o crédito previsto para o muro e o custo total das obras necesarias a facer no campo de fútbol de Visantoña, e así mesmo para facer fronte ao gasto de 3.835,25€, da obra da cuberta do borde do graderío.

É polo antedito polo que de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, visto o informe de Interoención, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito TC 01/2014, polo que se transfira crédito nas aplicacións orzamentarias sinaladas na seguinte táboa.

APLICACIÓN NA QUE SE REDUCE O CRÉDITO	IMPORTE	APLICACIÓN NA QUE SE INCREMENTA O CRÉDITO
45361900	12.212,09€	34262203

Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, dende a publicación do anuncio no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 179, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Se no se presentasen reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario. Se se presentasen, serán resoltas polo Pleno.

Mesía, 17 de marzo de 2014. O ALCALDE, Asdo. Mariano Iglesias Castro.”



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Manifesta o Sr. Alcalde que trátase de transferir dunha partida xenérica que hai para imprevistos de reposición de infraestruturas a outra que nos permite facer os gastos referenciados na proposta.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, co seguinte resultado: sete votos a favor, cinco correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e dous correspondentes aos concelleiros presentes do PP.

4. PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE MESÍA NA CREACIÓN OU MANTEMENTO DOS SERVIZOS LINGÜÍSTICOS DURANTE O ANO 2014. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA AO PLENO

PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE MESÍA NA CREACIÓN OU MANTEMENTO DOS SERVIZOS LINGÜÍSTICOS DURANTE O ANO 2014. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Visto o convenio de cooperación, asinado o 05.03.2013, para a creación e mantemento en común do Servizo de Normalización Lingüística dos Concellos de Boimorto, Sobrado dos Monxes e Mesía.

Visto o Decreto 430/2013, do 29.11.2013, da Alcaldía deste concello polo que resolveu presentar a solicitude dunha axuda ao abeiro da convocatoria do programa de subvencións a concellos en entidades locais para o mantemento dos servizos lingüísticos durante o ano 2014 nomeando e designando ao Concello de Boimorto representante para a realización dos trámites oportunos ante a Deputación Provincial.

Vista a base 6ª da convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación ou mantementos dos servizos lingüísticos durante o ano 2014 na que literalmente se di: “Os concellos cun mínimo de 7.000 habitantes participarán só en mancomunidades ou agrupacións de concellos. Só poden presentar unha única solicitude.”.

Vista a Resolución provisional da concesión de subvencións correspondentes ao programa FONL 2014 publicada no BOP núm. 48 do 12.03.2014.

Proponse ao Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

Primeiro.- Renunciar á solicitude conxunta coa Mancomunidade dos Municipios de Ordes dunha axuda para a creación ou mantementos dos servizos lingüísticos durante o ano 2014 ao abeiro da dita convocatoria.

Segundo.- Participar cos concellos de Boimorto e Sobrado dos Monxes na solicitude da dita axuda e prestar así o Servizo de Normalización Lingüística conxuntamente entre os tres concellos.

Mesía, 12 de marzo de 2014 O alcalde, Mariano Iglesias Castro”



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

O Sr. Alcalde manifesta que este servizo nace no ano 2009, en virtude dun convenio da deputación da Coruña cos concellos da provincia. Nos primeiros anos daban 12.000,00€ a quen o solicitara, e nós tivemos unha persoa contratada ata finais de 2011.

A partir do ano 2011, esixíase un mínimo de 7.000 habitantes para solicitudes individuais de concellos, ou, que, agrupadamente, os concellos solicitantes acadasen esa poboación; e reduciron a cantidade a 3.000,00€. Por parte da mancomunidade da comarca de Ordes non se solicitou o convenio, e, sen embargo, os concellos de Sobrado e Boimorto solicitaronnos a colaboración para pedir a subvención, e así se fixo en acordo da xunta de goberno local de un de marzo do 2012. Para este ano tamén pretenden solicitar a subvención coa participación do noso concello, polo que nós temos que acordar renunciar expresamente a solicitala coa mancomunidade e participar na solicitude cos concellos de Sobrado e Boimorto.

Toma a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta que parece incongruente que, formando parte da mancomunidade, non se solicite a subvención con esta, aínda que non teño nada en contra deses dous concellos. Seguro que hai unha explicación.

Manifesta o Sr. Alcalde que o que di vostede é razoable e evidente, pero a mancomunidade pode obter a subvención aínda que nós non participemos con ela, e, sen embargo, estes dous concellos, cos que xa levamos dous anos cooperando, non poderían obtela se non contan coa nosa participación.

Manifesta o Sr. Álvarez que, se é así, non temos inconveniente en apoiar o acordo.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, co seguinte resultado: sete votos a favor, cinco correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e dous correspondentes aos concelleiros presentes do PP.

5. MOCIÓN.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA ((35/2014 a 74/2014).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Pregunta o Sr. Álvarez polo decreto nº 42, relativo ao obradoiro de emprego, manifestando o Sr. Alcalde que solicítase, en colaboración cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Carral, unha subvención da Consellería de Traballo e Benestar, para a posta en marcha do obradoiro de emprego denominado “Educación ambiental e emprendemento agrario”.

Pregunta o Sr. Álvarez polos módulos incluídos, respostando o Sr. Alcalde que aínda onte cumprimentouse algunha documentación cunhas modificacións que agora non sabería concretarlle, polo que, si lle parece, doulle a información precisa ao rematar o Pleno.

Pregunta o Sr. Álvarez polos decretos nº 70 e 71, respostando o Sr. Alcalde que son os de nomeamento de avogada e emprazamento aos interesados nun novo procedemento contencioso instado por D Antonio Sánchez Carro contra as licencias provisionais de legalización e actividade de Carpintería Ramón García.

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 30 DE XANEIRO E 13 E 27 DE FEBREIRO DE 2014.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e trinta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,